

# Bases do concurso de narración

# Ondas de ilusión: escolas do mar



Grupo de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Golfo Ártabro Norte



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea  
Fondo Europeo Marítimo  
e de Pesca (FEMP)

# Bases do concurso de narración

## “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017-2018”

### **Primeira,** Persoas destinatarias:

Escolares de primaria de idades comprendidas entre 8 e 12 anos, que participaron nas actividades da campaña “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017-2018”.

### **Segunda,** Temática e outras condicións:

O concurso ten como obxectivo fomentar o interese e a defensa do mar e o litoral, contribuíndo a integrar os coñecementos abordados na sesión da aula en relación á biodiversidade, a importancia dos recursos mariños, e a sustentabilidade.

Admítense formatos de banda deseñada ou conto.

A proposta temática é partir da Ameixa Tareixa e o seu mundo, construíndo a narración incluíndo as palabras que se lle dou a cada neno ou nena na sesión da aula. Valorarase que a acción estea inserida nun marco relacionado con temas coma:

- O medio mariño e a súa importancia para a vida.
- Os recursos mariños e biodiversidade e riqueza.
- A pesca sustentable, o marisqueo, e os oficios relacionados co mar.
- A cultura mariñeira e a importancia dos mares para as persoas.
- A problemática da contaminación e as alternativas sostibles.

Poderán presentarse contos en galego, castelán ou inglés. E poderán escribirse a man ou a ordenador, pero sempre terán que ser entregados dixitalmente. No caso dos escritos a man deberán ser fotografados ou escaneados.

Non se admitirán aquelas obras que conteñan contido denigrante ou ofensivo.

O conto deberá estar escrito integramente polo alumno que o presenta ao concurso.

Cada alumna ou alumno poderá presentar un só conto. Varios alumnos ou alumnas poderán escribir conxuntamente un conto.



A extensión do conto será como máximo de 300 palabras. No caso da banda deseñada, a extensión máxima son dúas follas.

**Terceira, Prazo de presentación e formalidades:**

O prazo de admisión de orixinais será dende a publicación das bases ata o día 4 de xuño de 2018, ás 22:00h.

Os contos deberán enviarse, exclusivamente, por correo electrónico a seguinte dirección: ondasdeilusions@gmail.com, enviando directamente o arquivo pdf ou o enlace a través dunha plataforma da nube (dropbox, drive, wetransfer).

O conto deberá enviarse nun email, onde tamén debe enviarse un documento adxunto (en formato pdf) cos seguintes datos:

1. Nome do centro escolar.
2. Concello.
3. Curso.
4. Clase.
5. Nome e apelidos do alumno/a/os/as.
6. Idade do alumno/a/os/as.
7. Nome e apelidos do/a profesor/a responsable.
8. Email de contacto do/a profesor/a responsable
9. Teléfono de contacto do/a profesor/a responsable.

O “asunto” do correo electrónico será identificado con: “Concurso Ondas de ilusións”.

**Cuarta, Autoría:**

O/a alumno/a e o/a profesor/a, polo simple feito de presentar o conto ou banda deseñada ao concurso “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017-2018”, afirma que a obra é orixinal e faise responsable da súa propiedade intelectual e patrimonial fronte a calquera acción ou reclamación que ó respecto puidera ocorrer.

O/a alumno/a e o/a profesor/a, polo simple feito de presentar o conto ao concurso “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017-2018”, afirma que posúe o permiso dos pais/titores legais dos menores (escolares) para presentar dita obra.

### **Quinta, Dereitos:**

As obras quedarán en propiedade do GALP Golfo Ártabro Norte, que poderá facer uso das mesmas, e daquelas que seleccione polo seu interese ou calidade dixital, como estime oportuno, incluída a súa publicación, facendo constatar sempre o nome do centro, curso e clase.

Non se entregará aos autores (nin ao centro/clase) cantidade algunha en concepto de gratificación por esta cesión. Coa excepción previa descrita, o autor conservará os dereitos universais da autoría sobre a obra presentada.

### **Sexta, Premios e difusión:**

A resolución do concurso anunciarase na páxina web da campaña o día 12 de xuño de 2018.

Os gañadores recibirán tamén comunicación por correo electrónico.

O premio do concurso “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017-2018” consistirá nunha xornada de actividade náutica de kaiak, unha rota guiada polas Fragas do Eume, ou un obradoiro de reciclaxe para a clase gañadora o día 18 de Xuño de 2018.

### **Sétima, Valoracións e Xurado:**

A puntuación virá determinada por un xurado. O xurado estará composto por tres persoas:

- Un membro da Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte.
- Un profesional do mundo docente-divulgativo do medio mariño.
- Un profesional do sector pesqueiro-marisqueiro.

Cada membro do xurado valorará cada un dos contos cunha puntuación mínima de 1 e unha máxima de 10 puntos. Valorarase principalmente a orixinalidade, calidade técnica e a capacidade educativa e de sensibilización do traballo literario.

O día 12 de Xuño de 2018 anunciarase o autor e súa aula gañadora.

En caso de empate nos votos, será o xurado quen teña a última palabra para elixir a persoa gañadora.

**Oitava, Aceptación das bases:**

O feito de participar no concurso “Ondas de ilusións: escolas do mar 2017- 2018” implica a aceptación da presentes bases. O incumprimento das mesmas ou dalgunha das súas partes, dará lugar a exclusión do concurso.

Do mesmo modo, tamén implica a aceptación da interpretación que delas faga o xurado que está facultado para resolver calquera cuestión non prevista, e cuxo fallo será inapelable, incluso declarar deserto o concurso.